

IV. ENTIDADES LOCAIS IV. ENTIDADES LOCALES

Baltar

Anuncio

Convocatoria para a contratación laboral temporal que se indica a continuación, segundo as bases aprobadas por resolución da Alcaldía da data 02/10/2017:

1.- Número e denominación da praza: 2 auxiliares de axuda no fogar (xornada a tempo parcial, de luns a domingo).

2.- Modalidade de contratación: contrato laboral temporal para obra ou servizo determinado.

3.- Duración do contrato: 6 meses.

4.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5.- Retribucións totais: 476,00 €/mes (incluída pppe).

6.- Lugar e prazo de presentación de instancias: 5 días naturais contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, no Rexistro do concello ou por calquera dos medios admitidos en dereito.

7.- Exposición das bases: o texto completo das bases de selección están publicadas no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal; <http://baltar.sedelectronica.gal>.

Baltar, 2 de outubro de 2017. O alcalde.

Asdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

Anuncio

Convocatoria para la contratación laboral temporal que se indica a continuación, según las bases aprobadas por resolución de Alcaldía da fecha 02/10/2017:

1.- Número y denominación de la plaza: 2 auxiliares de ayuda en el hogar (jornada a tiempo parcial, de lunes a domingo).

2.- Modalidad de contratación: contrato laboral temporal para obra o servicio determinado.

3.- Duración del contrato: 6 meses.

4.- Sistema de selección: concurso de méritos.

5.- Retribuciones totales: 476,00 €/mes (incluida pppe).

6.- Lugar y plazo de presentación de instancias: 5 días naturales contados desde el siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, en el Registro del ayuntamiento o por cualquiera de los medios admitidos en derecho.

7.- Exposición de las bases: el texto completo de las bases de selección están publicadas en el tablón de anuncios del ayuntamiento y en la sede electrónica municipal; <http://baltar.sedelectronica.gal>.

Baltar, 2 de octubre de 2017. El alcalde.

Fdo.: José Antonio Feijóo Alonso.

R. 3.001

Cortegada

Logo da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local deste concello o día 9 de agosto de 2017, procédese á publicación das seguintes:

"Bases reguladoras da convocatoria de axudas por nacemento ou adopción de fillos/as no Concello de Cortegada durante os anos 2016 e 2017

Primeira. Obxecto e finalidade

É obxecto destas bases regular as condicións e réxime xurídico para a concesión de subvencións por nacemento de fillos/as, adopción e acollemento no Concello de Cortegada.

A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico a aquelas familias nas que se produza o nacemento, adopción ou acollemento dun novo membro da unidade familiar, para contribuír a atender as necesidades extraordinarias que sobreveñen.

Tamén se trata de incentivar o asentamento da poboación no noso concello.

Para a consecución desta finalidade, o Concello de Cortegada dotou crédito polo importe de 3.000,00 € na aplicación orzamentaria 23.480 do seu orzamento para o ano 2017.

Segunda. Natureza da axuda

As axudas que se outorguen conforme a este regulamento teñen a natureza de subvención en réxime de concorrencia non competitiva, conforme ao establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A través do procedemento regulado nestas bases, o Concello de Cortegada concederá subvencións polo nacemento ou adopción dun neno/a durante os anos 2016 e 2017, polo importe de 300,00 € sempre que os beneficiarios cumpran os requisitos desta norma.

O aboamento da citada cantidade efectuarase nun pagamento único cando se resolva favorablemente a súa solicitude e será compatible con calquera outra axuda que se perciba por este motivo, procedente doutras administracións.

Terceira. Beneficiarios

Serán beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases:

1. Os proxenitores, xa sexan casados, solteiros, parellas de feito ou familias monoparentais que tivesen descendencia no ano 2016 (dende o 1 de xaneiro de 2016 e ata o 31 de decembro de 2016), e no ano 2017 (desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017) sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento. Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o beneficiario da prestación será aquel que teña a custodia dos fillos, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza de separación ou divorcio.

2. Os adoptantes ou acolledores de nenos de ata 3 anos que obtivesen a resolución xudicial no ano 2016 ou 2017 (dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2017), sempre que cumpran os demais requisitos esixidos para o seu recoñecemento.

Se os solicitantes fosen estranxeiros, poderán solicitar a axuda os que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou garda fose asumida por unha institución pública.

Cuarta. Requisitos para obter a subvención

- Ser español ou estranxeiro con residencia legal en España.

- Será requisito imprescindible para o recoñecemento da subvención que os beneficiarios residan no municipio con carácter definitivo e acreditado neste concello (polo menos un dos dous proxenitores, no caso de casados ou parellas de feito coas que convivan -o que deberá acreditarse debidamente- ou, no caso de familias monoparentais. Enténdese por familia monoparental a formada pola nai ou polo pai que convive co fillo ou filla e constitúe o sustentador único da familia e acreditarse mediante a documentación do xulgado sobre pensión de alimentos ou exercicio de accións legais para a obtención desta, sentenza de separación/divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno-filiais).